

INICIATIVAS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA INMIGRANTES

CARME SILVA DOMÍNGUEZ
Universidade de Santiago de Compostela

Presentación. Por que utilizo o termo “iniciativas”

A achega que se desenvolve deseguido ten como obxectivo describir e valorar as “iniciativas” (isto é, as actuacións) que se están a desenvolver no momento actual sobre inmigración e lingua galega. Emprego esta denominación dado que cómpre ter en conta o feito de que nos atopamos nun estadio limiar no ensino de galego a inmigrantes, tanto adultos coma nenos. Con isto quero dicir que desde as institucións se está comezando a reflexionar, a planificar e, consecuentemente, a actuar nesta dirección, por agora de xeito un tanto descoordinado e atomista, segundo logo veremos. Na busca do modelo ideal estiveron dándose pasos nestes primeiros anos do século XXI; no momento actual xa temos un certo abano de modelos de tratamento do ensino do galego aos novos habitantes da comunidade, e podemos valorar estes en función de aspectos tales como a súa eficacia e a súa continuidade.

Sabido é o recente do fenómeno inmigratorio na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa aínda evidente debilidade en termos numéricos en comparación cos datos cuantitativos que se citan no nivel estatal¹. Con todo, tamén en Galicia as novas presenzas van adquirindo unha maior visibilidade de día en día: non é infrecuente atoparse en determinados espazos preferentemente urbanos das nosas cidades persoas que, pola súa aparencia, trazos étnicos ou comporta-

1 Unha visión bastante pormenorizada e actualizada dos datos cuantitativos, en especial a respecto dos adultos, pode conseguirse coa consulta da páxina institucional <www.galiciaaberta.com>, dependente da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

mento lingüístico, doadamente identificamos como “non son de aquí”, e así mesmo ao rural chegan, aínda que máis a contagotas, as novas presenzas, as novas veciñanzas.

Aínda son moi limitadas numericamente as iniciativas que, case sempre baixo o formato do curso, tentan presentar a lingua galega aos novos habitantes da comunidade. Isto a respecto dos adultos, porque cos ñenos existe necesariamente, e desde hai xa algúns anos, unha práctica real que diríamos “sobrevida”, impulsada polas circunstancias (aínda que de situación esporádica estea pasando cada vez máis a realidade común nas nosas aulas). Sendo o galego lingua vehicular-curricular do ensino obrigatorio, a chegada de nenos foráneos motivou o deseño dunha praxe escolar de formación en lingua para procurar a incorporación dos novos alumnos ao normal discorrer da docencia.

A oferta de galego para os novos habitantes da comunidade concíbese como unha nova responsabilidade á que ten que dar resposta o aparello institucional da nosa sociedade, e neste sentido o número de instancias ou referentes sociais implicados no proceso é moi elevado. No ensino a nenos e rapaces, pensamos basicamente na Consellería de Educación, a través da rede de centros (públicos, concertados, privados) que imparten ensino obrigatorio e posobrigatorio na nosa comunidade, pero tamén en Vicepresidencia, titular última da formación entre 0 e 3 anos, e talvez naqueles concellos que partillan esta responsabilidade. No ensino a adultos, as instancias sociais que poden promover, e efectivamente promoven, iniciativas de formación lingüística, son aínda máis variadas, mesmo se todas se sitúan baixo o paraugas do aparello institucional: os concellos (a través dos servizos sociais e dos servizos lingüísticos), os sindicatos, as ONGs, as organizacións xeradas polo propio asociacionismo inmigrante, e tamén a Consellería de Educación, que conta coa súa rede propia de centros para adultos.

Neste noso traballo actual faremos unha valoración, a partir dunha toma de contacto de campo coa situación real do ensino do galego a inmigrantes, das necesidades, as eivas e os aspectos positivos dunha formación que está aínda nun estadio moi incipiente do seu desenvolvemento na nosa sociedade. Talvez este retraso na chegada dos “novos” (e mesmo a incerteza acerca de se realmente virán ou non) debamos interpretalo de xeito positivo, pois nos permite planificar e reflexionar sobre como afrontar a formación lingüística do colectivo de inmigrantes máis amodo do que noutras zonas do Estado español, en que a rápida incorporación e elevada contía numérica das novas presenzas non deron tempo á valoración na posta en marcha de iniciativas.

1. Cuestións de fondo sobre as que debemos debater

1.1. Os inmigrantes e o futuro lingüístico de Galicia

A pesar do pouco tempo que levamos recibindo achegas poboacionais foráneas, xa é posible atopar algunha voz con certo eco mediático que sinala o galego como atranco engadido para a integración dos inmigrantes² ou como elemento desmotivador para a chegada dun continxente de persoas que a análise demográfica feita desde Galicia considera, se non a salvación da nosa crise poboacional, si cando menos un moi necesario alivio á falta de man de obra en determinados sectores económicos³. Cremos que o argumento de que Galicia resulta pouco atractiva para os inmigrantes por causa do galego ten un doado contraexemplo, sen saír do Estado español: Cataluña. Unha comunidade cuxa lingua propia e cooficial ten un espectro de funcións discriminantes moito máis variado do que o galego recibe sen pausa achegas migratorias que mesmo non é quen de dixerir. E non se nos pode falar das evidentes diferenzas entre galego e catalán: o mellor posicionamento social deste e o seu máis elevado status social, vinculado sen dúbida á caracterización estereotípica dos seus falantes, non cremos que teña relevancia ningunha desde unha perspectiva transnacional, que é a que manexan maioritariamente os colectivos de estranxeiros.

Non é a lingua a razón de que “os novos” veñan moi amodo cara a nós, senón o noso escaso dinamismo económico, a precariedade laboral para nativos e foráneos, os salarios que son baixos especialmente se hai que vivir e sustentar familiares no exterior, claramente inferiores aos que se poden conseguir noutras zonas do Estado. Tampouco hai, cremos, un consenso social sobre as bondades desta achega de poboación exterior: aínda que entre nós aínda hai poucos inmigrantes, Galicia participa nunha visión que interpreta a inmigración como problema; esta forma de ver as cousas foi impulsada con claridade polos medios estatais⁴ e copiada, como en espello, polos de ámbito galego, comezando por *La voz de Galicia* (Silva Domínguez 2007a) e en xeral por toda prensa da comunidade (véxase o estudo ao respecto de Cruz Vermella: Barba Pan 2007). A visión da inmigración co-

2 O argumento está máis desenvolvido no eido da educación, pensando nos fillos de inmigrantes. Véxanse, por exemplo, Santos Rego e Lorenzo Moledo (2003: 57-58) e Goenechea Permisán (2005: 567, 572).

3 O *Equipo de Socioloxía das Migracións* da Universidade da Coruña, encabezado polo catedrático Antonio Izquierdo Escribano, defende esta lectura do fenómeno inmigratorio galego en diversas publicacións, como por exemplo Izquierdo Escribano (2002), Izquierdo Escribano e Golías Pérez (2004), Lamela Viera, López de Lera e Oso Casas (2005), López de Lera (2006), entre outros.

4 Véxase por exemplo, ao respecto, Zapata-Barrero e Van-Dijk (2007) e Bernárdez Rodal (2007).

mo problema, ao noso xuízo, é a maioritaria entre a poboación autóctona e explica a existencia dunha mirada sobre o estranxeiro, se non de pleno rexeitamento, si de certo receo ou prevención por boa parte dos galegos.

Elaborando futuribles, tampouco temos claro cales son os efectos que sobre unha situación de vitalidade lingüística como a galega, problemática en termos de futuro, poden ter novas achegas poboacionais non galegófonas. Socialmente e a falta da publicación dos datos de uso, o galego está xa en minoría desde a perspectiva da lingua inicial (Seminario de Sociolingüística da RAG, 2007). A intervención política levada adiante institucionalmente desde os anos 80 non parece que servise para mellorar a retención lingüística, mesmo se non se lle pode negar unha actuación positiva sobre a competencia (cando menos autopercibida) e as habilidades lectoescriptoras.

Preguntando sobre como vai incidir a chegada de inmigrantes no futuro do galego hai xa un par de anos aos meus alumnos da Facultade de Humanidades de Lugo, detectei un amplo consenso na defensa da tese de que cos novos a situación da lingua empeorará. Velaquí reproduzo algúns fragmentos elaborados por universitarios galegos sobre esta cuestión e que me parecen especialmente significativos:

[i] “A chegada de novas linguas a Galicia suporá o reforzo do castelán como lingua comunicacional, xa que probablemente será a escollida polos inmigrantes para comunicarse”.

[ii] “O factor da inmigración está cobrando cada vez máis forza [...]; é por iso que a situación do galego, pola chegada masiva de estranxeiros, cambie [sic] e mesmo se estanque. É de esperar que estas persoas que compoñen as oleadas [sic] migratorias opten pola utilización do castelán, polo feito de ser a lingua predominante e a máis falada no estado español”.

[iii] “Persoalmente creo que a chegada dunha nova diversidade lingüística non vai favorecer-lo galego”.

[iv] “A situación lingüística de comunidades pequenas con linguas propias cambiará nas próximas décadas debido á grande afluencia de inmigrantes que se está a producir nestes anos. As linguas de pequenas comunidades que xa hoxe utilizan un número reducido de falantes poden ver ese número mermado [sic] por necesidades puramente comunicativas”.

[v] “A achega da nova diversidade lingüística fará que a lingua castelá se vexa reforzada, dado que para os inmigrantes sería “máis práctico” aprender esta lingua dado que a poderían utilizar en todo o Estado español, quedando o galego, unha vez máis, coa oficialidade autonómica e reducido ao seu emprego minoritario, como vén sufrindo desde lonxe”.

Desde outro punto de vista, ao posuír Galicia un capital simbólico propio, do cal fai parte sobranceira a lingua, sempre existe o risco de utilización deste conxunto de marcadores identitarios (dos cales en principio os novos habitantes non participan) como un argumento para a exclusión social. Isto é o que ocorre en Cataluña con determinadas propostas políticas de corte marcadamente xenófobo, como *Plataforma per Catalunya*. Aínda que parece que en Galicia esta utilización dos símbolos está lonxe de producirse, o certo é que non sabemos que ocorrería cunha presenza de inmigrantes cuantitativamente máis significativa nos terreos económico e social. Se consideramos que o galego “é cousa nosa” e que os inmigrantes non queren nin necesitan participar deste elemento identitario, quedamos inermes perante tentacións isolacionistas que poidan xurdir o día de mañá.

Creo que todos concordaremos en que a influencia desexable dos inmigrantes, aplicando á perspectiva lingüística a máxima das súas bondades demográficas, sería a súa incorporación como falantes competentes de galego, a súa conversión nunha achega demográfica importante para un colectivo humano e cultural, o galego, “en perigo de extinción”. Trataríase de procurar que os novos participen nun elemento simbólico clave da comunidade —máis alá dos debates sobre o seu status e os seus espazos de uso—, un dos factores de cohesión interna máis relevantes da sociedade galega. E cremos que a sociedade acollerá con bos ollos os esforzos dos novos para a súa incorporación como falantes da nosa lingua⁵.

1.2. Os inmigrantes no *Plan Xeral de Normalización Lingüística*

1.2.1. Os fundamentos da estratexia

A reflexión sobre como procurar a incorporación destas novas achegas demográficas á lingua galega non son tan recentes como poderíamos supoñer. Xa no Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro de 2004 e que a actual Secretaria Xeral de Política Lingüística, Marisol López Martínez, ten definido como a “folla de ruta” que orienta a intervención institucional a prol do galego, existe un apartado dedicado ás estratexias galeguizadoras que cómpre seguir con este colectivo social. Neste documento, a reflexión sobre o tema estése en catro grandes aspectos:

5 Nun traballo anterior (Silva Domínguez 2007b) examinei unha serie de artigos de prensa publicados polo xornal *La Voz de Galicia* baixo o título xenérico de “Los nuevos gallegos”, que claramente pretendían dar a coñecer a cara amable dos novos ao conxunto da sociedade galega. Eran mínimas as alusións a cuestións lingüísticas, e máis en concreto ao grao de coñecemento e modos de acceso dos inmigrantes ao galego; con todo, cando estas aparecían, sempre se presentaban de xeito positivo, como un elemento que garantía a vontade de permanencia dos novos habitantes da comunidade, unha deferencia cara a nós que cumpría terlles en conta.

a) A inmersión en galego que propicia a tipoloxía de “nichos de mercado” que os inmigrantes ocupan en Galicia: hostalaría, construción, servizo doméstico⁶.

b) O galego pode converterse nun elemento clave na estratexia de integración que cada individuo inmigrante deseña para si. Trátase de conseguir a “chave da casa”, metáfora que simboliza ben todos aqueles recursos que se poñen en marcha en situacións de inmigración para minimizar a inicial desconfianza perante o alleo e o novo que inevitablemente acompaña a percepción do inmigrante na nova sociedade. A asunción dos valores, da lingua e dos modos de ser dos nativos pode achegarlles aos que de entrada son percibidos como diferentes unha boa vía de acceso de cara á plena aceptación social.

c) No caso de que sexan estruturas familiares as que se transplantan dun lugar a outro, cabe sinalar que a presenza obrigatoria do galego no ensino, da que necesariamente participan os fillos de inmigrantes en idade escolar, propicia o seu contacto co noso idioma.

d) Como xustificación última que permita explicar a persistencia na defensa dunha lingua como a nosa, pequena en número de falantes e que ata hai ben pouco estaba inmersa nun proceso de substitución que só se freou parcialmente, o Plan ofrece a comparación entre o fundamento da reivindicación identitaria (e lingüística) de Galicia e os desexos de retención lingüístico-cultural que amosan os propios colectivos de inmigrantes. Trátase argumentar do seguinte xeito: somos galegos e queremos seguilo sendo, na mesma medida e da mesma maneira que vós queredes seguir sendo (árabes, caboverdianos, etc.).

1.2.2. A tipoloxía de intervencións previstas

Como cabía esperar, o maior número de actuacións e a máis ampla diversidade de liñas sinálanse como orientadas para o colectivo dos inmigrantes. Entre elas, cabe destacar:

(i) A organización de cursos de lingua galega dirixidos aos novos habitantes da comunidade, ou ben a inclusión de contidos de lingua en cursos de for-

⁶ No texto do Plan faise unha excepción explícita a respecto desta última ocupación, pois afirmase que existe un arraizado hábito de empregar o castelán coas persoas que desenvolven tal profesión. Cremos que neste aspecto as cousas puideron mudar un pouco nos últimos anos. En efecto, nestes momentos a prioridade é atopar coidadores domiciliarios para persoas dependentes, a maior parte delas de idade avanzada e competencia media ou baixa en castelán. É probable que nestes momentos xa se estea valorando nas ocupacións relacionadas co servizo doméstico a competencia en galego: non se trata xa de atender fogares urbanos en que a lingua está pouco presente, senón vivendas situadas preferentemente no medio rural e nos concellos pequenos, as áreas da comunidade en que o galego segue pervivindo aínda en mellores condicións.

mación que se deseñen especificamente para este sector da sociedade. Dado o carácter xenérico do Plan, non se sinala no texto se se está pensando en formación regrada ou non regrada, nin tampouco se especifica que institucións poderían achegar esta formación.

(ii) A elaboración de campañas nos medios de comunicación dirixidas aos inmigrantes, presentando sucintamente as nosas peculiaridades culturais e dándolles a coñecer a existencia da nosa lingua. Cremos que para implementar esta medida cumpriría coñecer con exactitude os hábitos de consumo mediático das persoas que viven entre nós, pois en Galicia, a diferenza do que ocorre noutras partes do Estado español e con algunhas comunidades, non existen medios especificamente orientados cara a este sector da poboación.

(iii) O impulso, por parte das institucións, á incipiente rede asociacionista dos inmigrantes en Galicia, pois esta pode ser aproveitada como un instrumento para chegar a colectivos de novos habitantes cuxa visibilidade social é limitada.

(iv) A promoción da educación intercultural na escola. As propostas deste modelo de tratamento escolar, e máis amplamente social, do fenómeno migratorio, semellan máis asentadas no ámbito académico do que na realidade das aulas, a teor dos resultados do noso traballo de campo, que se presentan desequilibrado (cfr. *infra*, § 2).

Tamén se mencionan algunhas medidas que se poderían implementar e irían dirixidas cara á sociedade de acollida. Entre elas, considérase a posibilidade de intervir coa fin de crear un estado de opinión favorable á integración (tamén lingüística) do inmigrantes a través de campañas de sensibilización social.

De todo este conxunto de actuacións, á altura de 2007 só a primeira, a terceira e a cuarta se estaban poñendo en marcha na nosa comunidade, e todas elas de xeito aínda incipiente. O *Plan Galego de Inmigración (2007-2010)* aínda non foi dado a coñecer na súa totalidade, mais na síntese que se achegou aos medios nos primeiros meses do ano 2007 (www.xunta.es/periodico/inmigracion.doc) non figura mención ningunha a intervencións de carácter lingüístico, nin canto ao galego nin do español. Descoñecemos, xa que logo, se os obxectivos do Plan de Normalización Lingüística para este sector de poboación están sendo valorados ou non.

2. Inmigración en Galicia e infancia. O galego na escolarización dos nenos de familias inmigrantes da provincia de Lugo

Co obxectivo de coñecer como é a actuación real para conseguir dotar o alumnado que chega novo aos centros de ensino obrigatorio dunha competencia suficiente en lingua galega, durante os meses de abril e maio de 2007 realizamos

unha prospección en colexios de Infantil e Primaria (CEIPs) da provincia de Lugo⁷. Queriamos saber cal é o protocolo real de actuación en cada centro desde o momento en que chega unha solicitude de matrícula dun neno estranxeiro —e sabemos que isto pode producirse en calquera momento do curso— para resolver a súa probable falta de competencia nunha das dúas linguas vehiculares do ensino na nosa comunidade. Tratábase de indagar que é o que se facía realmente, máis alá do que se prevé nos textos *Escolarización do alumnado procedente do estranxeiro* (2004) e *Plan de acollida. Orientacións para a súa elaboración* (2005), ambos dispoñibles en rede e moi doadamente localizables.

Para esta finalidade, realizamos entrevistas nos CEIPs analizados ao seu director ou ao responsable do Departamento de Orientación do centro, nas que estes nos explicaron como actuaban perante a escolarización de alumnado estranxeiro e cales eran os procedementos que empregaban para dotar de competencia lingüística aos rapaces que acababan de chegar e que de maneira case que inmediata ían ser inseridos en aulas cuxa lingua vehicular nalgunhas materias era o galego.

2.1. Algúns datos externos fundamentais

A presión demográfica dos alumnos doutras nacionalidades non é elevada en ningún dos centros examinados por nós. Todos eles están situados nunha provincia pouco atractiva para os inmigrantes, que prefiren maioritariamente a zona occidental da comunidade. Con todo, nun dos CEIPs da capital os escolares estranxeiros son xa o 16% do total da matrícula. Por aulas, a situación daquelas unidades en que hai nenos non galegos oscila entre a presenza de un ou, como máximo, dous escolares estranxeiros. Estes son máis visibles naqueles centros, como o CEIP de Lourenzán, en que o número total de rapaces na aula é reducido (entre dez e quince). En calquera caso, no noso traballo de campo constatamos unha situación que está lonxe de poder ser cualificada como difícil de xestionar por causa do elevado número de alumnos estranxeiros. Porén, case a totalidade dos responsables dos centros que falamos connosco sinala a novidade da presenza de alumnado inmigrante nas aulas, que se detecta só desde hai un lustro; quizais esteamos no momento inicial dun proceso que levará aparelado un incremento do número de alumnos do exterior.

⁷ Todos eles son CEIPs públicos agás un colexio relixioso concertado. A distribución xeográfica dos centros é como segue: Lugo cidade (dous), Rábade, Vilalba, Lourenzán, Burela (dous) e Foz (dous).

Polo que se refire á tipoloxía de centros de acordo coa orixe dos inmigrantes, unicamente nun dos CEIPs temos unha case que total especialización no alumnado marroquí: trátase do devandito colexio de Lourenzá, vila do norte da provincia de Lugo que leva algo menos dunha década acollendo unha comunidade árabe cada vez máis vizosa numericamente e dentro da cal hai aínda pendentes varios procesos de reunificación familiar. Da mesma maneira, un dos dous CEIPs de Foz que analizamos tende a recibir maioritariamente alumnos da devandita nacionalidade, aínda que non se pode falar neste caso dunha especialización tan manifesta en termos cuantitativos. Igualmente, nos dous colexios que imparten Infantil e Primaria na vila de Burela teñen predominado nos últimos vinte anos os estranxeiros de orixe familiar —ou mesmo nacionalidade— caboverdiana, mais na última década a achega de nenos sudamericanos, especialmente peruanos, introduciu un toque de variación nunha situación de convivencia interétnica que se revelaba como estable, aínda que non fose o modelo de integración que en ocasións os políticos aseguraban que era (cfr. por exemplo Oca González 2006). Outros CEIPs, e en especial un dos que se sitúa na capital da provincia, acollen nenos de orixes étnicas e nacionais todo o variadas que se poida aventurar: asiáticos, árabes, subsaharianos, hispanoamericanos, etc.

Tamén é significativa, pero isto para o funcionamento interno da totalidade dos centros, a diversidade nos modos de chegada dos nenos estranxeiros. A práctica totalidade das persoas coas que falamos coinciden en sinalar que unha cousa é a aterraxe abrupta —co curso xa comezado— e mesmo interrompida, fraccionada ao longo do ano —por causa da situación de legalidade ou ilegalidade dos pais, ou da súa mobilidade laboral interior ou exterior— de escolares que entrarán xa, pola súa idade, alén do primeiro ciclo de Primaria, e outra a convivencia diaria nas aulas, comezando en Infantil, de alumnos cuxas familias serán de aquí ou de aló mais que conviven cos “nativos” e coñecen o sistema formativo galego desde as súas primeiras experiencias discentes. Para os segundos, o seu nivel de competencia lingüística non difire moito do dos nativos: son nenos xa galegos (con independencia de cal sexa a súa nacionalidade en termos xurídicos), máis ou menos galegófonos en función, case sempre, da presenza social real que teña a lingua no contorno xeográfico do centro escolar. Canto aos primeiros, cativos cuxas primeiras experiencias escolares en galego, e ás veces tamén en español, teñen lugar máis alá dos dez anos, os déficits competenciais sinálanse como de maior envergadura e peor prognóstico.

Mesmo no noso contexto social e xeográfico, a provincia de Lugo, cuxo nivel de presión demográfica por causa da inmigración pode cualificarse de baixo aínda comparando co total de Galicia, é posible detectar un certo *efecto gueto* por

causa do cal a maior parte dos nenos estranxeiros fillos de inmigrantes se escolarizan en só determinados centros, evidentemente todos eles de titularidade pública, cunha certa independencia a respecto de cuestións tales como a distancia entre o domicilio e o colexio. Ocorre isto nun dos CEIPs analizados na cidade de Lugo, cuxo director se lamenta do moito que, segundo el, o prexudican as decisións que toma a Comisión Provincial de Escolarización. No seu equivalente mariño (o colexio de Foz ao que van parar a maior parte dos inmigrantes da vila), por contra, o orientador amósase convencido de que a máis elevada densidade relativa de nenos estranxeiros no seu centro a respecto doutros do contorno se debe asemade á calidade dos servizos que achega e á estrutura de redes característica de toda migración, que converte en vital a información, tamén a referida ás escolas máis propicias, dos membros antigos e pioneiros no proceso.

En síntese, parece que o colectivo escolar de nenos estranxeiros dos centros nos que recadamos información tende a acusar con naturalidade a heteroxeneidade ou a homoxeneidade da composición étnica dos seus novos membros en función sobre todo do carácter unívoco ou diverso da inmigración en cada un dos concellos da mostra. Con todo, a baixa densidade de alumnos distintos culturalmente non oculta a existencia dun incipiente proceso de segregación a respecto dos nativos, non sabemos se propiciado se simplemente non considerado problemático polas autoridades educativas.

2.2. Decisións pedagóxicas para o ensino do galego aos nenos de familias inmigrantes

2.2.1. O modelo de tratamento escolar máis usual para ensinar as linguas da comunidade

A creación do *grupo de adquisición de linguas* moi brevemente descrito nos documentos que a administración xerou para asesorar os centros perante situacións como as descritas só tivo lugar efectivamente nun dos centros da mostra, aquel en que a porcentaxe de alumnos inmigrantes supera o 15% do total. Precisamente, a Administración non autoriza este modo de organización a non ser que o peso cuantitativo dos estranxeiros sexa relativamente elevado, e isto non ocorre na maior parte dos centros da mostra. Porén, todos eles tiveron que artellar algún procedemento que permita dotar dunha competencia cando menos pasiva os rapaces non galegos que chegan a aulas cuxa lingua vehicular é a nosa.

A maioría dos CEIPs da mostraxe recorreu ao modelo, moito máis flexible, dos *agrupamentos específicos*, coa finalidade de dar cobertura legal á necesidade

de mover os alumnos estranxeiros do seu grupo de referencia durante algunhas horas ao día para darlles clase de lingua. Trataríase de deseñar unha acción máis puntual e ao parecer máis reducida canto ao tempo máximo en que o alumno sae do seu grupo de referencia para aprender lingua. Logo hai diversidade de situacións e decisións puntuais sobre os agrupamentos en cada centro, dependentes maiormente da casuística que xera a chegada de alumnos estranxeiros: cantos nenos saen xuntos, en que horas marchan da súa aula —naquelas en que se imparten materias lingüísticas ou cando o resto dos alumnos tratan contidos que se prestan menos ao emprego da lingua, como Plástica, Música, etc.. Os profesores que acompañan os nenos estranxeiros nestas clases de reforzo de lingua varían tamén de centro en centro, en función da dispoñibilidade do corpo de mestres entre outros factores (a existencia de profesorado con formación filolóxica e horas libres é unha cuestión que se ten en conta, aínda que o reforzo de lingua o dan en moitas ocasións o orientador ou o logopeda do centro).

Na totalidade dos colexios afirmase que a actuación conducente a formar en lingua os nenos “extraéndoo” do seu contorno escolar de referencia se completa cun reforzo nas aulas; porén, este en ningún caso supón a presenza canda eles dun profesor que lles dedique atención individualizada, polo que entendemos que é o titor o que, ao percibir o déficit lingüístico de partida destes nenos, adoita estar máis pendente deles, ocupándose de mediar cando existen problemas de comprensión ou produción. En ningún dos centros cumpriu mesturar a atención que requiren os nenos inmigrantes por causa da súa escasa competencia lingüística coa que demandan aqueloutros alumnos definidos como de *necesidades educativas específicas* (NEE), o cal non quere dicir que ocasionalmente ambas as dúas liñas de actuación coincidan nun mesmo neno⁸.

Todos os orientadores e directores afirman que no seu centro se parte, como obriga a administración, dun diagnóstico previo e individualizado do punto de partida académico do neno que vai ser escolarizado á hora de decidir se, como moi frecuentemente se fai, cómpre retrasar un ou dous cursos a inserción que lle correspondería por idade. Neste sentido, a ausencia de competencia en galego, xeral na práctica totalidade do alumnado inmigrante, é un argumento nalgúns

8 No único colexio non público (concertado) examinado, que se localiza na vila mariñá de Foz, o director recoñeceu que son os nenos diferentes desde o punto de vista étnico —caboverdianos, no seu caso— os que con maior frecuencia resultan definidos como de NEE, xeralmente por causa dos seus malos resultados académicos ou por problemas na adquisición lingüística derivados talvez dunha mala aprendizaxe dos idiomas da comunidade. Con todo, este profesional sinalou que sería erróneo asociar biunívoca e inexorablemente fracaso escolar con inmigración, pois no seu propio colexio podería poñer o exemplo de alumnos (sobre todo alumnas) con idéntica situación de partida familiar e cultural e magníficos expedientes académicos.

destes procedementos avaliativos para recomendar a non coincidencia de idade escolar con idade cronolóxica. Só nun centro me falaron de que a solicitude de exención da materia de galego era unha práctica xeneralizada no caso de que chegasen ao centro nenos inmigrantes, e o argumento que a xustificaba parecía ter máis que ver coa necesidade de evitar multiplicar o número de nenos con máis de tres materias pendentes e que terían, por tanto, que repetir curso.

2.2.2. *As linguas nos desdobramentos de lingua ou agrupamentos específicos: ambas as da comunidade ou unha soa?*

Ata o momento e consonte unha certa tradición consolidada xa na bibliografía, propositadamente deixamos de lado o que en realidade é o tema central da nosa exposición, isto é, coñecer que papel xoga o galego, a carón ou enfronte ao castelán, nestas actuacións específicas dirixidas a que os nenos cun *background* cultural diferente se integren desde o punto de vista lingüístico. As propias disposicións legais ao respecto son ambiguas ou contraditorias. Así, no *Plan de Acolida* se fala da creación de “grupos de adquisición das linguas” como se ambas deberan obrigatoriamente estar presentes nestes reforzos (de aí que se empregue o plural) mentres que no documento *Medidas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro* considérase a posibilidade de crear agrupamentos flexibles para a aprendizaxe das “linguas galega e castelá, para o alumnado que descoñeza ámbalas dúas” (p. 24), o que implicitamente supón que a ausencia de competencia no idioma da comunidade non provoca necesariamente a deriva dos alumnos cara a esta vía de solución dos problemas académicos.

Que lingua ou linguas se empregan nos reforzos de lingua, ou de ser o caso na aula de adquisición de linguas, nos centros estudados por nós? A situación está moito máis repartida do que, por exemplo, no traballo de campo de Goenechea Permisán (2005): dous centros empregan só o galego, dous só o castelán, un ten en conta a lingua de orixe do neno e os dous restantes afirman utilizar as dúas linguas, empregando técnicas elementais de gramática comparada coa finalidade de moverse fluidamente entre ambas. As decisións son en todos os casos argumentadas, aínda que nalgunhas ocasións a defensa dun posicionamento estea claramente tinguida de aspectos ideolóxicos que remiten ao punto de vista do profesional que imparte ou se responsabiliza destas actuacións pedagóxicas. En favor do galego din nos dous centros en que esta é a única lingua empregada que, dadas as características sociolóxicas dos concellos en que se localizan estes colexios, a competencia no noso idioma facilitará de maneira máis inmediata a inserción social do alumno e a súa familia no contorno. Para argumentar a conveniencia de em-

pregar só o castelán recórrase á aquiescencia das familias de inmigrantes e á súa característica mobilidade intraestatal, polo que a actuación docente en español parece dotada dun plus de utilidade. Cando se considera a lingua de referencia do neno, establécese unha distinción entre sudamericanos, para os que se deseña un reforzo en castelán —no estándar peninsular, supoñemos— e portugueses ou brasileiros, cos que se emprega o galego. Como cabo, cando se decide utilizar as dúas nos reforzos de lingua faise contando coa facilidade que supón a escasa distancia interlingüística que separa a galego e castelán, e tamén valorando a importancia e utilidade de ambas no futuro escolar do neno en Galicia.

Neste sentido, son da opinión de que a Administración debера clarificar en maior medida que argumentos cómpre que valoremos, e en que orde, para a toma de decisións lingüísticas nos reforzos aos que enviamos algúns alumnos estranxeiros. Doutro xeito, seguirase a producir o paradoxo de que en última instancia é o profesional encargado da toma de decisións quen ten a última palabra sobre esta cuestión, e o seu posicionamento non sempre está desprovisto de connotacións ideolóxicas ou percepcións de carácter máis ou menos subxectivo. A modo de exemplo, cremos que vale o caso de dous nenos romaneses que foron reforzados en lingua durante o seu primeiro ano de estadía nun CEIP situado nunha vila maioritariamente galegófona da nosa provincia. A orientadora defendeu perante min o seu posicionamento, consistente en empregar só o español nesta actividade, en función da supostamente maior mobilidade dos alumnos estranxeiros e as súas familias, e daquela a maior utilidade deste idioma para o futuro escolar e académico dos nenos (que, logo de tres anos, seguen aínda vivindo no mesmo lugar). Coas mesmas circunstancias de partida, noutros centros da mostraxe din empregar unicamente o galego nos reforzos de lingua, dado que era este o idioma predominante no contorno comunicativo do centro. Creo que unha directriz fundamentada e unívoca das autoridades educativas, semellante á que na Lei de Normalización Lingüística en vigor determina a lingua que se ha empregar no primeiro ensino (Artigo 13.1), evitaría que fose a percepción ou a ideoloxía dos profesionais a que estivese detrás de decisións de tan grande importancia.

2.2.3. O tipo de traballo nos desdobramentos de lingua (sexa cal for, ou foren, esta(s))

Inquiridos sobre esta cuestión, directores e orientadores afirman que nas aulas lingüísticas para inmigrantes empregan unha metodoloxía de orientación comunicativa, a máis útil, desde a súa perspectiva, para superar a exasperante situación inicial consistente na imposibilidade de establecer un mínimo intercam-

bio de mensaxes. As estruturas que primeiro se intenta que aprendan os nenos son elementais, repetitivas e relacionadas co contorno escolar: desde as fórmulas de saúdo que deben emitir para realizar determinadas accións diarias (entrar e saír da aula, pedir para ir ao baño, pedir para falar, etc.) ata cuestións sobre onde se atopa tal ou cal área do centro, sobre se un compañeiro lle pode prestar os útiles escolares, etc. O primeiro obxectivo consiste en conseguir que os nenos estranxeiros entendan o profesor e os compañeiros, e logo comecen a producir estruturas sinxelas por si mesmos.

Nos momentos de partida, as actuacións orais teñen que acompañarse de mensaxes escritas de carácter iconográfico, ou representacións mímicas convencionais (de chorar, de berrar, de ter fame, de ter sono, etc.). Neste sentido, aqueles profesionais de entre os entrevistados con experiencia real en aulas a inmigrantes consideran de grande axuda os dicionarios visuais e os materiais electrónicos cunha base icónica que facilita a visibilidade dos contidos. A rotulación bilingüe ou multilingüe é tamén un recurso empregado en diversos centros, non só polas bondades do método á hora de aprender os idiomas da sociedade de acollida, senón tamén porque se valora no que ten de facer visible e evidente a aceptación das novas presenzas, coas súas peculiaridades orixinais, neste caso lingüísticas.

Os responsables dos centros afirman, asemade, non descoidar a introdución dos novos alumnos no mundo dos conceptos gramaticais, todos eles ben asentados nos currículos escolares xa desde os primeiros cursos de Primaria. Nalgúns ocasións e mesmo tratándose de nenos que na sociedade receptora serían considerados xa maiores para esta actividade, cómpre procurarlle ao alumno un primeiro contacto coa lectoescritura, ás veces en absoluto (nunca leron nin escribiron), outras segundo as convencións románicas (aprenderon a ler e escribir, por exemplo, en árabe ou en chinés; mesmo ás veces seguen practicando en cursos de árabe que fan en Galicia, organizados por asociacións de base étnica, ou nas súas estadías nos países de orixe do proceso migratorio).

Nalgúns dos colexios aos que acudimos na procura de información consentiron en contarnos máis polo miúdo aspectos da rutina das aulas de desdobraemento lingüístico para rapaces inmigrantes. Frecuentemente se procede simplificando contidos en materias que se prestan a isto, como é o caso de Coñecemento do Medio: habilítase un resumo do esencial de cada tema, moi sinxelo canto ao vocabulario técnico que se emprega, e que se supón máis accesible para os nenos que amosan dificultades lingüísticas. Procúrase non descoidar o encaixe do alumno na súa aula de referencia: os temas son os mesmos, só que desprovistos do aparato técnico, de linguaxe científica, que caracteriza os libros de texto. Tamén se pode actuar reforzando, isto é, repetindo con novos exercicios, talvez máis sinxelos, os contidos que se dan na aula de referencia do alumno.

2.2.4. A aplicación nos centros das actuacións propostas no modelo de interculturalidade pedagóxica ou educación intercultural

Segundo sinalamos máis arriba, no *Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia* óptase polo paradigma intercultural para o deseño de actuacións concretas encamiñadas á integración das novas achegas poboacionais que recibimos. Na nosa visita aos centros examinados para o presente traballo puidemos comprobar como a diversidade cultural se está tratando desde unha perspectiva claramente asimiladora, e a partir dunha total ignorancia —con algunhas excepcións que agora sinalaremos— das bondades de calquera outra forma de actuación a respecto do diferente.

Desde o meu punto de vista, as actuacións que maioritariamente desenvolven os CEIPs da nosa mostraxe parten implicitamente (nunca de xeito aberto) da consideración da diversidade cultural como un problema, un déficit que xera incompetencia lingüística, social e na maior parte dos casos tamén académica. Pouco interesa o marco cultural de orixe do neno inmigrante, que maioritariamente se obvia (non aparece en ningún caso nas actividades escolares), non se coñece e non interesa. En cinco dos sete centros analizados, non se nos menciona ningún tipo de actividade, nin extracurricular nin moito menos curricular, que teña que ver coas culturas e sociedades de orixe dos alumnos estranxeiros. Nun dos CEIPs que recibe maioritariamente alumnos árabes, organizouse de xeito illado e sen continuidade unha xornada de benvinda na que as familias dos nenos se achegaron ao centro para elaboraren os seus manxares típicos. A orientadora confesa que, a pesar da boa acollida que suscitou esta estratexia de integración e presentación entre o alumnado nativo e o de orixe foránea, non todos os integrantes do claustro de profesorado tiñan interese nin disposición para dedicar parte das súas horas a este tipo de iniciativas.

Así mesmo, nun dos dous centros que imparten Infantil e Primaria en Burela deseñouse unha actividade na biblioteca, destinada só aos alumnos do ciclo superior de Primaria, consistente na realización dunha pescuda bibliográfica sobre Perú, país emisor de boa parte da inmigración de recente chegada á vila mariñá. A proposta é valiosa, aínda que vexo nela dous problemas fundamentais: dunha banda, o número de unidades implicadas na actividade é minoritario a respecto da totalidade das aulas do centro; doutra, parece un tanto paradoxal que para coñecer cousas do país do que proceden os nosos novos compañeiros de pupitre recorramos inicialmente a libros e enciclopedias, inzados ambos de datos incertos, estereotipados e non actualizados, en lugar de deixarmos falar aos protagonistas, que tan ao noso carón están, da súa propia historia.

No paradigma intercultural, a comprensión da lingua dos inmigrantes é a que probablemente poida ser entendida como mostra maximamente significativa de aceptación dos novos e de interpretación da súa chegada como enriquecedora e non como un problema. Cando introducín esta cuestión, baixo o formato de proposta (*Poden os profesores dos nenos estranxeiros intentar aprender a lingua deles?*), o director do CEIP con maior número de alumnos de fóra da cidade de Lugo negou taxativamente esta opción, afirmando que non era a súa función aprender novos idiomas. Por contra, un colexio vilego especializado na minoría árabe realizou xa un curso desta lingua, curso que o Departamento de Orientación se preocupou de introducir no programa de formación do profesorado organizado polo Centro de Formación e Recursos de Lugo. A orientadora deste último centro fala de maneira moi positiva acerca desta actividade, na que ao parecer participou boa parte do claustro escolar.

En ningún centro dos que conforman a mostraxe hai organizada iniciativa ningunha conducente ao mantemento, por parte dos nenos, da lingua e cultura da súa sociedade de orixe. Si hai clases de árabe ás que asisten alumnos desta minoría na cidade de Lugo, pero teñen lugar fóra das escolas e por suposto sen coordinación ningunha a respecto das actuacións de formación lingüística que se imparten nelas. A chegada dos novos non motivou modificacións de ningún tipo nin nas estratexias de achegamento aos contidos do currículo nin desde logo introdución de novos contidos —por exemplo, os modelos de organización social e cultural propios das sociedades emisoras— nin sequera como elemento de confronto ou para a presentación da diversidade das estruturas humanas no nivel mundial.

O modelo asimilista parece o máis doado canto á súa aplicación nas aulas. Os nenos estranxeiros son tratados no fondo como calquera outro grupo de alumnos aos que se diagnostica determinado déficit: cómpre convivir con eles, pero non se percibe que acheguen gran cousa aos grupos en que se introducen, á parte dun traballo extra do que o profesor debe responsabilizarse e, nalgúns casos, o valor transversal do respecto á diversidade. Os responsables das actuacións relacionadas coa diferenza étnica —que, non o esquezamos, son os mesmos que se responsabilizan de calquera outra medida de diversificación— aducen, á hora de explicaren esta forma de actuar e pensar dos seus compañeiros mestres, a tendencia destes cara a subscribir os modelos pedagóxicos máis consolidados, a súa escasa afección á innovación docente ou a falta de motivación para afrontar un traballo extra non remunerado⁹. Algún orientador chegou mesmo a poñer

9 A ecuación “máis diversidade = máis traballo” aparece xa con claridade na opinión dos profesores que participaron no inquérito de Armas Castro (2003):

sobre a mesa a necesidade de crear unha nova figura dedicada ao tratamento da interculturalidade na escola, chámese mediador ou de calquera outro xeito, perante a escasa eficacia e difícil receptividade do profesorado a actuacións formativas puntuais e reducidas que puidesen adoptar o formato de curso.

5.5.5. *Valoración da competencia en galego dos nenos inmigrantes*

Como aspecto positivo, cómpre destacar o feito de que en ningún centro se me comunicou a existencia de dificultades específicas de motivación a respecto da lingua galega e relacionadas con este colectivo. Os nenos inmigrantes son extremadamente receptivos na opinión de orientadores e directores, aceptan o que se lles dá e están moi lonxe de interpretaren a lingua galega como un atranco máis, un engadido descoñecido antes do momento da chegada. No tapiz tecido por estes profesionais aparece constantemente un xogo de semellanzas e diferenzas entre inmigrantes e escolares de etnia xitana, sobre os cales eu nunca indaguei explicitamente pero que se me achegaban decote como contrapunto de comparación: a este respecto —a motivación de cara á aprendizaxe do galego— os inmigrantes “gañan” os xitanos canto á súa dispoñibilidade a aprender galego e o seu non cuestionamento da lingua nin como vehicular nin como curricular.

Tamén se valora de xeito positivo a rapidez e eficacia con que os nenos estranxeiros conseguen facerse cunha variedade de lingua que cubra de maneira satisfactoria as súas necesidades comunicativas digamos “vitais”, isto é, a relación cos compañeiros e profesores e a conversa sobre temas da cotidianidade e da realidade. En moi pouco tempo os novos conseguen unha boa comprensión da oralidade espontánea do seu contorno, e con algo máis de estadía desenvolven capacidades de produción nunha variedade oral frecuentemente moi interferida pola súa L1, pero en calquera caso basicamente transparente no contorno de recepción.

“A multiculturalidade do alumnado, cando se contempla desde a dimensión normalizadora da institución escolar, ou desde as perspectivas eficientistas que lle demandan á escola resultados homoxéneos e facilmente medibles, pode ser vista como causante de problemas e dificultades escolares. Esta é a perspectiva que asoma na opinión dos equipos directivos dos centros esclares con alumnado inmigrante cando se lles pregunta sobre os efectos negativos da multiculturalidade. [...] *Entre as dificultades ou problemas que identifican destaca, de forma especial, o incremento do traballo do profesorado [ao que aluden un 53,4% dos centros] ou as dificultades para o agrupamento de estudantes diversos culturalmente [segunda cuestión en importancia, destacada nun 13,6% dos centros]*”. (Armas Castro, 2003: 83) [o subliñado é meu].



Por contra, a asimilación do rexistro académico, precisa para un desenvolvemento curricular eficaz nos derradeiros anos de Primaria, non se produce nin de xeito tan rápido nin de maneira tan eficaz. Cando lles pregunto aos profesionais por que cren que se produce esta situación, a maior parte deles aduce que a motivación é extrema na consecución da competencia do primeiro tipo, pois exaspera tanto a profesores como a alumnos e compañeiros esa carencia dunha competencia mínima que permita poder comunicar os aspectos máis elementais. Por contra, o dominio da variedade académica require un coñecemento máis profundo das convencións de escrita e dun rexistro de lingua para o que non hai *input* oral. Non é o mesmo preguntar onde está o comedor escolar que ser capaces de ler un libro en calquera dos idiomas de Galicia, por moi sinxelo que este sexa. Dado que os estudos sobre motivación para os rapaces en xeral sinalan o moito que hai de profecía autocumprida nas expectativas académicas dos nenos (se o seu contorno actúa sobre eles de maneira eficaz, convencéndoo da necesidade de formarse, terán en maior medida éxito académico), pode ocorrer que os nenos inmigrantes non sexan motivados polas súas familias da mesma maneira, alén de cuestións específicas que inflúen nos resultados escolares pero só de xeito indirecto son responsabilidade destes: a especial estrutura das familias transnacionais, a excesiva duración da xornada laboral nalgúns ámbitos, etc.

Sexa como for, parece que no final da Primaria os nenos inmigrantes son percibidos polos responsables das actuacións específicas que a eles se refiren como suxeitos que arrastran déficits na comprensión e produción lectora en maior medida que os nativos; isto é especialmente certo naqueles casos en que a chegada a Galicia se produce tardiamente, polo que podemos deducir que as medidas de reforzo previstas pola Administración para estas situacións especiais son consideradas polos responsables da súa aplicación nos centros como insuficientes ou cando menos como non exitosas.

5.6. Valoración dos procedementos escolares que procuran dotar de competencia en galego os alumnos procedentes de fóra da Comunidade

Como aspectos máis destacados no momento de resumir o tratamento escolar da cuestión lingüística, cómpre subliñar, ao meu xuízo, as seguintes cuestións:

a) O modelo escolar de atención á diversidade lingüística nas aulas que se está a aplicar nos CEIPs por nós examinados axústase con verdadeira exactitude á vía asimilacionista, tal e como esta é debuxada, por exemplo, en Martín Rojo (2003). Aquelas incursións que poderían ser asociadas ao modelo multicultural —que non ao intercultural— son verdadeiramente excepcionais nos centros aos que nós acudimos.

b) As medidas que están deseñadas para procurar a adaptación de nenos de máis de sete ou oito anos ao noso sistema escolar, sexan estas aulas de lingua específicas para eles, reforzos curriculares ou lingüísticos ou calquera outro procedemento que consista en facer saír o alumno da súa aula de referencia durante un período moi reducido de tempo (un trimestre ou dous) teñen éxito na consecución da competencia comunicativa elemental. Para este obxectivo tal modo de actuación está sen dúbida reforzado pola presenza ambiental da lingua, o que provoca que a galeguización en competencia dos novos alumnos se dea maiormente naqueles contornos en que o noso idioma está presente na comunicación escolar “entre iguais”, dentro e fóra da aula.

c) Por contra, a incidencia deste modo de actuar na consecución da competencia na lingua académica, tal e como a definen por exemplo Villalba Martínez e Hernández García (2004: 1241-ss.) parece moi pequena, e é neste aspecto, tanto na comprensión coma na produción, alí onde os profesores detectan carencias nos nenos estranxeiros cuxa escolarización ten estas características (inicio —ou non— no país de orixe, chegada tardía a Galicia, moitas veces abruptamente ao longo do curso escolar, etc.).

d) As decisións sobre que lingua ou linguas empregar nos agrupamentos específicos ou nos grupos de adquisición da competencia son excesivamente dependentes non tanto de circunstancias que veñan dadas polo contorno do centro escolar (localización rural, vilega ou urbana; “ambientalidade” do galego ou do castelán) senón simplemente pola ideoloxía lingüística do profesional encargado destas cuestións. Creo que a Administración debера sinalar algunhas pautas xerais que eviten distorsións ideolóxicas con resultados, por desgraza, case que nunca favorables ao galego.

e) Finalmente, se como aconsellan as autoridades educativas e parece ben asentado na bibliografía, o modelo preferente de tratamento da diversidade escolar é o intercultural (*intercultural*, *interculturalidade* e *interculturalismo* estanse convertendo, na bibliografía profesional sobre a cuestión, en comodíns non discutidos que adoito aparecen en títulos de xeito case obrigado, mesmo sen que os contidos o xustifiquen), parece obvio que o colectivo de mestres, o directamente encargado de xestionar a diversidade, debe coñecer e aceptar as súas premisas fundamentais e as técnicas de traballo na aula que destas se derivan.

f) Con todo, algúns dos profesionais cos que falei propuxeron unha vía alternativa á da formación en interculturalidade (cuxas dificultades son evidentes: cursos curtos, desmotivación dos mestres, dificultades para chegar a aqueles sectores da profesión menos proclives á innovación docente). Estoutra posibilidade consistiría na institucionalización dun novo profesional, o mediador intercultural,

encargado de xestionar a diversidade nos centros de maneira semellante a como o orientador, por exemplo, xestiona cuestións psicosociolóxicas¹⁰. Á Administración lle corresponde estudar, creo, que pode ser máis rendible e beneficioso para o colectivo escolar, se formar a todos ou especializar a algúns en interculturalidade.

g) Finalmente, desde o meu punto de vista, a cata que presento pode desmentir a percepción dos meus alumnos universitarios, segundo a cal os inmigrantes contribuirán á desgaleguización de Galicia. Os nenos son percibidos no contorno escolar como tendentes á asimilación, non especialmente contrarios ao ensino de e na nosa lingua. A esperanza parece que segue, coma sempre, localizada no futuro.

6. O papel do galego na formación lingüística dos inmigrantes adultos

Co obxectivo de descubrir a existencia de iniciativas de formación na nosa lingua especificamente dirixidas ás persoas que conforman o colectivo inmigrante e analizar as súas características, durante os meses de xuño e comezos de xullo de 2007 realizamos unha serie de entrevistas aos responsables dos servizos de atención que a sociedade de acollida pon a disposición dos adultos estranxeiros que se achegan a vivir entre nós. A formación dos novos habitantes está na nosa sociedade case totalmente en mans dos concellos, como unha tarefa localizada nos servizos sociais de cada municipio. Asistentes sociais e educadores familiares, tamén avogados, lingüistas e algún axente de emprego local, son os profesionais que en Galicia toman contacto os primeiros cos inmigrantes, aos que reciben e asesoran en cuestións moi variadas: a busca da vivenda —non sempre é doado convencer os propietarios de que aluguen a inmigrantes—, a defensa dos seus dereitos laborais, a demanda dunha formación específica orientada aos sectores en que hai máis posibilidades de emprego, a solicitude de reunificación familiar e a posterior atención escolar aos menores, etc.

Na nosa procura de información entrevistamos cara a cara os responsables de cuestións formativas relacionadas coa inmigración nalgúns dos concellos da provincia de Lugo en que este fenómeno ten un maior relevo (Lugo, Lourenzá e Burela). Como elemento de confronto e procurando unha certa complementariedade, investigamos tamén minimamente os cursos de lingua galega que se

¹⁰ A novidade desta figura non é total, e funciona xa nalgúns centros escolares da nosa comunidade, aqueles con colectivos de alumnos estranxeiros máis amplos ou con maiores dificultades lingüísticas. O que propoñen os mestres entrevistados por min sería a súa xeneralización para o deseño dun plan de actuación perante a diversidade e a efectiva posta en práctica deste.

presentan bastante matizados (programa incluído) en Internet e que se levaron adiante en diversos concellos das provincias da Coruña e Pontevedra, como por exemplo Ames e Carballo, seguindo un único modelo deseñado pola empresa de servizos lingüísticos Reverso.

3.1. A oferta de formación en lingua (española) no ámbito do Concello de Lugo. Hai espazo para o galego? Hai mesmo demanda?

Localizamos tres institucións, de carácter ben diferente, que achegan a lingua española aos inmigrantes na nosa cidade. Baseado no voluntariado de profesores e alumnos —dado que non hai ningún tipo de recoñecemento oficial nin para uns nin para outros— e concibido como unha especie de servizo de emerxencia que se ocupa da situación de primeira necesidade, temos o labor da Cruz Vermella na súa sede de Lugo. Un aspecto positivo que cómpre sinalar é a flexibilidade horaria da iniciativa (localizada sempre a última hora da tarde por causa das circunstancias laborais dos alumnos), aínda que o feito de non contar con ningún servizo complementario para que os nenos dos estranxeiros poidan quedar atendidos fai que algunhas persoas os teñan canda si nos horarios de clase ou simplemente non poidan seguir a acción por causa desta circunstancia. Falando coa responsable de cuestións de inmigración, ela considera posible debuxar un perfil de demandante de español moi claro para a súa institución: trátase de persoas de orixe africana (magrebís ou subsaharianos) que demandan un coñecemento comunicativo elemental e se insiren laboralmente na construción.

Esta mesma persoa recoñeceu a existencia, aínda que en menor nivel na orde cuantitativa, de inmigrantes que acoden á Cruz Vermella demandando tamén formación en lingua galega e que presentan unhas características persoais algo diferentes. Trátase de individuos que xa levan tempo na nosa comunidade e non teñen problemas comunicativos en español; frecuentemente teñen xa a súa familia instalada en Galicia e aspiran a facerse cun título que avale o seu coñecemento da lingua propia para a consecución dunha mellora laboral. A responsable exemplifica a situación con algunhas persoas de nacionalidade alxeriana e nivel formativo medio ou superior que, logo de traballaren un certo tempo en postos que estaban por baixo da súa cualificación, acoden á Cruz Vermella interesándose pola posibilidade de obter un certificado de lingua galega que os capacite para “regresar”, dalgunha maneira, ao ámbito laboral que esperarían obter de acordo coa súa formación.

Un ensino de español máis formal achégase na Escola de Adultos de Lugo, dependente da Consellería de Educación. Neste caso o profesorado é sempre es-

pecialista en lingua, dado que o centro entra dentro dos que poden escoller os profesores de lingua española en Secundaria de Galicia¹¹. O certificado que se achega ten un nivel de oficialidade e recoñecemento xa con algunha entidade, pois certifica a asistencia á acción formativa en número de horas. A organización do curso faise en tres sesións semanais, de 40 minutos cada unha, e en horario de tardes (pero non de tardes-noites, como era o caso na Cruz Vermella).

Posta en contacto cunha persoa que se ocupou deste ensino hai tres anos, a profesora destaca sobre todo do alumnado a súa heteroxeneidade en termos de nacionalidade e lingua de orixe, cunha porcentaxe maior de paquistanís (probablemente pola localización céntrica do complexo docente, próxima aos contornos que este colectivo prefere para vivir tanto en Lugo como noutras cidades). Esta profesional afirma que a metodoloxía docente era comunicativa e a motivación do alumnado extremadamente práctica (por exemplo, os paquistanís demandaban formación en lingua para poder superar as probas que capacitan para a obtención do permiso de conducir), aínda que a asistencia de moitos membros do grupo estaba moi condicionada polas circunstancias laborais, que mesmo podían determinar en moitos casos o abandono do curso. A iniciativa do Seminario de Galego, nos claustros da Escola de Adultos tratouse da posibilidade de implantar tamén clases da nosa lingua para estranxeiros, aínda que a profesora cre que a día de hoxe a praza de docente de galego non foi dotada.

Sen dúbida, a maior parte dos estranxeiros demandantes de formación en lingua é atendida a través dos cursos organizados polo Concello de Lugo, que conta cunha oferta estable de español durante todo o ano, amplamente diversificada canto a niveis (tres), grupos e horarios, incluíndo unha aula específica para a atención aos nenos e unha chamada de "español técnico". A avogada encargada no concello do asesoramento laboral aos estranxeiros informounos de que a demanda é elevada, sobre todo porque esta se xera a si mesma ao condicionar a asistencia regular a unha actividade formativa de carácter lingüístico a percepción da RISGA (*Renda de Integración Social de Galicia*), subsidio que os inmigrantes, ao igual que outros colectivos, demandan moito na nosa comunidade. En efecto, para decidir se unha persoa pode ser candidata á obtención desta axuda

11 Con todo, temos que ser conscientes da necesidade de formar estes profesores para o ensino do español como L2, pois esta situación de aprendizaxe difire notablemente a respecto da que eles mesmos se atopan na maior parte dos casos. Neste sentido, sería conveniente que as prazas de educación a adultos non se ofrecesen sen máis ao colectivo de profesores de lingua de Secundaria, senón que para o acceso a estes destinos (apetecibles, non nos enganemos, pola súa localización case en exclusiva urbana) se requirise algún tipo de formación adicional que prepare os profesionais para se enfrontaren co ensino de galego ou español non só a adultos, senón máis aínda, a adultos estranxeiros.

elabóraselle un plan de empregabilidade ou integración, entre cuxos requisitos figura a aprendizaxe do español como condición de acceso a un traballo na nosa sociedade.

Preguntamos á responsable desta oficina de asesoramento en que medida sería realista inserir tamén o galego entre os elementos que condicionan ou determinan a percepción da RISGA, cando menos naqueles perfís laborais (coiador de maiores, empregado de hostalaría) en que certamente o empresariado valorará que o inmigrante coñeza a nosa lingua para o desenvolvemento do seu traballo. Ela afirma que si se detectou en anos anteriores un perfil de demandante de galego: trataríase dunha persoa de orixe sudamericana, que aspira a inserirse nun ámbito laboral cuxas peculiaridades comunicativas requiren ou aconsellan unha capacidade de comprensión da lingua galega. Perante a inexistencia de vías establecidas para a atención desta demanda, a avogada afirma que esta foi desviada cara ao sindicato UXT, que nos últimos meses do ano 2006 organizou un curso de galego para inmigrantes na cidade de Lugo.

Postas en contacto con este sindicato, atopámonos con que a iniciativa resultou un fracaso cando menos parcial. O curso era parte dun plan de formación para inmigrantes financiado conxuntamente pola Xunta (Secretaría Xeral de Emigración) e o Ministerio de Traballo. Tratábase dunha acción de breve duración (30 horas) en que se expedía certificado de asistencia e que contou con profesorado especialista en lingua. O alumnado, sudamericano maiormente, tiña expectativas de atopar traballo público nos niveis máis básicos das institucións (limpadores da Xunta, dos hospitais, etc.). O responsable local da UXT de Lugo considera que os obxectivos non se cumpriron pola extremada volatilidade dos alumnos, moitos dos cales eran xa ilocalizables na data de remate da acción formativa.

6.2. O Concello de Burela: atención escolar e lingüística ao inmigrante

A especial conformación poboacional deste concello, clásico punto de atracción dos estranxeiros na nosa provincia, explica talvez a existencia dunha persoa, con formación de mestra, que se ocupa durante todo o ano tanto do ensino de español e galego a adultos como do reforzo escolar e lingüístico a nenos estranxeiros, en horario de tarde durante o curso académico e de mañá no verán. A orientación da formación establécese de acordo coa demanda dos estranxeiros, que varían constantemente —deseguido hai altas e baixas no alumnado— e que son atendidos cunha metodoloxía máis ben escolar e académica, primando talvez a lingua escrita por riba da perspectiva comunicativa. A persoa encargada deste servizo no Concello de Burela atende igualmente os demandantes de galego e

os de castelán, e considera que si existe un perfil tipo de estranxeiro que quere aprender galego: trataríase dun sudamericano/a que vén de chegar á vila e que traballa na construción ou na pesca; o seu obxectivo á hora de aprender a nosa lingua é o contacto comunicativo elemental. Esta busca do nivel limiar oral explica a existencia dunha certa desmotivación e abandono no momento en que este obxectivo se cobre. Un aspecto que pode explicar tamén a marcha dos estranxeiros é a concepción do servizo como paliativo dunha carencia inicial e a inexistencia, por tanto, de recoñecemento ningún a través dun título.

Canto ao reforzo escolar en lingua e noutras materias que esta profesional leva adiante, o feito de que haxa unha evidente especialización en nenos estranxeiros fai que esta actividade poida ter o risco de provocar a segregación dun colectivo de escolares concreto. Non hai tampouco, para esta finalidade, coordinación ningunha co profesorado titor ou orientador dos dous CEIPs da vila.

6.3. Actividades lingüísticas para a integración no Concello de Lourenzá

Neste pequeno concello mariño en que desde hai un lustro se están instalando varias familias marroquís é unha funcionaria do goberno municipal, a educadora familiar, a que toma as decisións sobre as iniciativas que cómpre desenvolver para a integración dos novos habitantes. De feito, a profesional desenvolve todas as actividades de mediación que a aínda reducida comunidade de estranxeiros precisa, desde a tramitación da burocracia escolar no CEIP da vila ou no Instituto de Mondoñedo, ata o apoio no mundo sanitario tanto no nivel do Centro de Saúde como nas consultas de especialistas do Hospital de Burela. Algúns marroquís dos máis antigos canto á súa instalación en Lourenzá realizan o desenvolvemento práctico dos labores de mediación que a educadora familiar determina (isto é, acoden efectivamente con outras persoas da súa mesma nacionalidade ao médico para axudar na mediación lingüística, ou á escola cando chegan novos nenos que ingresan no sistema escolar, etc.).

A instancias dos líderes locais da comunidade magrebí, realizouse en anos pasados un curso de español que no 2007 non estaba previsto xa levar a cabo. O profesorado tiña o estatuto de voluntario: tratouse de funcionarios do Concello (a propia educadora social entre eles) que *gratia et amore* realizaban unha sesión de dúas horas semanais en horario practicamente nocturno. Sen recoñecemento académico de ningún tipo nin valoración dos resultados a través dun exame, a irregularidade na asistencia dos marroquís caracterizou o desenvolvemento da iniciativa, que se pechou por falta de motivación do profesorado. Ademais, só se conseguiu chegar, e de maneira parcial, aos inmigrantes de sexo masculino: fracasou a iniciativa de organizar polas mañás un curso de español para mulleres marroquís (parece que por ausencia de motivación do propio colectivo).

A educadora afirma que nunca se falou da posibilidade de impartir cursos de galego, cousa que en todo caso ela considera que queda xa fóra das capacidades docentes daquelas persoas que desenvolveron a iniciativa anterior. Con todo, esta funcionaria participou na rotulación bilingüe dos espazos destinados aos servizos públicos esenciais, e na elaboración de pequenos materiais de apoio, bilingües tamén galego-árabe, para o Centro de Saúde (sobre como pedir cita e outras actividades básicas deste contorno).

6.4. Obradoiro de Lingua e Cultura (Concello de Ames) e Obradoiro de Integración Lingüística (Concello de Carballo), formación en lingua galega específica para inmigrantes

A través da Internet tivemos coñecemento da realización destas dúas iniciativas formativas, ambas organizadas polos respectivos Servizos de Normalización Lingüística destes concellos coa colaboración da empresa Reverso, especializada en actividades de carácter lingüístico. Postas en contacto cos promotores para que nos enviasen máis datos das iniciativas, descubrimos que de ambas destacaba a súa metodoloxía de carácter práctico, combinando competencias orais con lectoescritoras (comprensión e produción), así como a intención de transmitirlle ao alumnado non só coñecementos lingüísticos, senón tamén sociais e culturais. Así e todo, os obradoiros tiveron unha duración moi limitada, pois desenvolvéronse ao longo de 16 sesións de dúas horas de duración cada unha; o modelo que figura en rede sinala que os contidos tratados na acción abranguen lingua, sociedade, cultura e tamén a realización de actividades prácticas (redactar un currículo en galego, navegar na Internet, ler a prensa, etc.). O curso carece de recoñecemento académico previsto; con todo, en Carballo a iniciativa parece consolidada, pois leva xa tres anos de realización, en tanto que descoñecemos os resultados e periodicidade que caracterizan a posta en marcha do curso no concello de Ames.

6.5. Valoración das iniciativas de formación en lingua galega para adultos inmigrantes

Como conclusión para este apartado, cremos que pode ser de interese destacar os seguintes aspectos nas iniciativas examinadas, tanto no que se refire ás súas características xenéricas e teóricas como logo despois na súa posta en funcionamento concreto:

a) Logo da análise que vimos de presentar, unha conclusión ineludible pasa por afirmar que percibimos un grande atomismo. Cada institución organiza

iniciativas pola súa conta, de acordo con circunstancias moi diversas que ás veces teñen que ver tamén coa interpretación da realidade dominante nos seus responsables, e non se ten en conta a posibilidade de que as iniciativas se solapen ou ben deberan coordinarse con outras instancias (por exemplo, a formación lingüística a nenos ofrecida desde o goberno municipal debera ter en conta o tratamento da diversidade por parte da institución escolar; de non ser así, os esforzos pódense duplicar inutilmente).

b) En boa parte das institucións examinadas, apréciase unha carencia de profesionais formados especificamente para o ensino de linguas a adultos; o nivel dos cursos reséntese, necesariamente, por causa desta circunstancia.

c) Falta planificación para manter de maneira estable a oferta, e tamén capacidade de análise para un mellor coñecemento do alumnado ao que van destinadas as iniciativas.

d) Vemos un importante grao de voluntarismo no traballo: isto explica certa ineficacia e a incapacidade para valorar resultados; conformámonos con que exista a atención, non valoramos as iniciativas cualitativamente nin demandamos delas que sexan eficaces.

e) Polo que ten que ver especificamente coa formación en lingua galega, parece evidente que non se considera unha prioridade estratéxica dotar os novos habitantes da comunidade de competencia nun idioma que se percibe como de menor espectro comunicativo e que non parece valorarse, por parte da sociedade de acollida, como totalmente necesario para aquela tipoloxía de postos de traballo —os menos cualificados, os non relacionados coa administración— que ocupan os estranxeiros. Con todo, algúns de entre eles comezan a percibir o galego como requisito para o acceso a algúns nichos de mercado máis cualificados, nos que por formación poderían optar a se integrar.

f) A demanda de galego comeza a xerarse precisamente no colectivo de estranxeiros de orixe sudamericana, que non precisan acceder á formación lingüística en español pero que tamén queren contar no seu currículo con este elemento de cualificación profesional. Neste sentido, cremos que cómpre que a Administración autonómica deseñe unha oferta seria de iniciativas de formación en lingua galega dirixidas aos non galegos, que inclúa cursos de certa duración, ofrecidos en horarios axeitados, ricos en aspectos comunicativos, impartidos por profesorado especializado no ensino a estranxeiros (que talvez haxa que formar) e referendados por un certificado que se basee nalgún tipo de proba de avaliación. Neste momento, en que asistimos á mudanza desde o vello sistema de capacitación en lingua cara aos novos CELGA, debemos pensar na especificidade —social, laboral, étnica— dos nosos inmigrantes e facilitarlles o acceso a iniciativas de ensino de lingua deseñadas a partir dos seus factores diferenciais.

g) Desde a nosa perspectiva, é evidente que entre os inmigrantes comeza a haber unha bolsa de demandantes de galego que non se está nin fomentando nin atendendo en absoluto, ou cando menos adecuadamente. Cremos que se detectan os seguintes tipos de necesidades:

- i. galego para a comunicación limiar (xeralmente no ámbito laboral),
- ii. galego como factor coaduvante da empregabilidade do individuo (presumiblemente valorado na atención ás persoas maiores e na hostalaría, sobre todo),
- iii. galego polo recoñecemento académico (para o emprego público, máis ou menos cualificado).

Agardamos que todos estes aspectos previos de reflexión fosen tidos en conta na elaboración da parte lingüística do *Plan Galego de Inmigración 2007-2010*, cuxa presentación non debe xa ser demorada moito máis.

Bibliografía citada

- Armas Castro, X. (2003): "Inmigración, escola e educación en Galicia", en Consello Escolar de Galicia, *Inmigración e escola*. Santiago: Xunta de Galicia, pp. 73-91.
- Barba Pan, M., e outros (2007): *A inmigración na prensa galega: o reflexo da diversidade*. A Coruña: Oficina Autonómica da Cruz Vermella.
- Bernárdez Rodal, A. (dir.) (2007): *Mujeres inmigrantes en España: representaciones en la información y percepción social*. Madrid: Fragua.
- Goenechea Permisán, C. (2005): *La diversidad cultural en la escuela gallega. Problemáticas y alternativas educativas en comunidades con población inmigrante*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Izquierdo Escribano, A. (2002): "La población extranjera en Galicia: situación actual y perspectivas", en J. Pérez Vilariño e X. Bouzada Fernández (eds.), *Las encrucijadas del cambio social. Homenaje al profesor José Luis Sequeiros Tizón*. Vigo: Universidade-Centro de Investigaciones Sociológicas, 157-173.
- Izquierdo Escribano, A., e M. Gólfias Pérez (2004): "A poboación estranxeira en Galicia. Do dominio portugués á latinoamericanización", *Grial*, 162, 44-53.
- Lamela Viera, C., D. López de Lera e L. Oso Casas (2005): "La inmigración internacional en Galicia: latinoamericanos, comunitarios y otros", en C. Solé e A. Izquierdo (coords.), *Integraciones diferenciadas. Migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*. Barcelona: Anthropos, 89-104.
- López de Lera, D. (2006): "Situación da migración internacional na Galiza", en R. Lois González e R.M. Verdugo Matés (eds.), *As migracións en Galiza e Portugal. Contributos desde as ciencias sociais*. A Coruña: Candeia, 41-62.

- Martín Rojo, L. (dir.) (2003): *¿Asimilar o integrar? Dilemas ante el multilingüismo en las aulas*. Madrid: Centro de Investigación y Documentación Educativa.
- Oca González, L. (2006): "Modelos de integración social de inmigrantes en Galicia: o exemplo da comunidade cabo-verdiana da Mariña", *Revista Galega de Traballo Social Fervenzas* 9, 121-137.
- Santos Rego, M. A. e Lorenzo Moledo, M. M. (2003): *Inmigración e acción educativa en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Silva Domínguez, C. (2007a): "La percepción de los distintos colectivos de inmigrantes en la Comunidad Autónoma de Galicia. Estudio de sus denominaciones en la prensa escrita", en J.D. Luque Durán e A. Pamies Beltrán (eds.), *Interculturalidad y lenguaje. II: Identidad cultural y pluralidad lingüística*. Granada: Granada Lingüística, 357-367.
- Silva Domínguez, C. (2007b): "A denominación los nuevos gallegos aplicada a inmigrantes no xornal *La Voz de Galicia*. Análise discursiva e implicacións sociolóxicas", en J. L. Veira Veira (org.), *IV Congreso Astur-Galaico de Socioloxía (A Coruña, 23-24 de marzo de 2007)* (edición en CD-ROM: A Coruña: cursos_congresos_simposios, nº 87).
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Lingua inicial e competencia lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Villalba Martínez, F., e M.T. Hernández García (2004): "La enseñanza del español a inmigrantes en contextos escolares", en J. Sánchez Lobato e I. Santos Gargallo (dirs.), *Vademécum para la formación de profesores. Enseñar español como segunda lengua (L2)/lengua extranxera (LE)*. Madrid: Sociedad General Española de Librería, 1225-1258.
- Zapata-Barrero, R., e T. Van-Dijk (eds.) (2007): *Discursos sobre la inmigración en España: los medios de comunicación, los parlamentos y las administraciones*. Barcelona: Fundació CIDOB.